

Publícase hoxe no DOG a resolución que fai definitivos os destinos acadados no concurso de traslados para FEAs e MUH e abre prazos de toma de posesión:

- RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se resolve, con carácter definitivo, o concurso de traslados para a provisión de diversas prazas básicas de persoal licenciado sanitario, convocado por Resolución do 10 de maio de 2012. [Descargar PDF](#)

De conformidade co establecido na base décimo segunda da resolución de convocatoria, os/as concursantes que obteñan praza deberán **cesar** na que, de ser o caso, desempeñen, **dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución**

. A

toma de posesión

da nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde; no prazo de quince días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde, ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde.